

A VIAXE

Por fin é xoves. Xacobe e Uxía están facendo a equipaxe. Prepáranse para ir de viaxe a un país lonxano.

Xuntos van en taxi ata o aeroporto. No avión, Xacobe mira pola xanela. Non pode ver a paisaxe porque hai moitas nubes. Por iso, decide ler o xornal. Mentres, Uxía xanta un pouco de queixo e xamón. A viaxe faise un pouco longa.



Cando baixan do avión, regálanlles uns axóuxeres típicos do país. É unha xente moi amable. Levan postos uns traxes de cor laranxa e uns xacintos no pelo. Ulen tan ben!.

E Uxía e Xacobe fanse unha foto xunto a eles no xardín comendo uns xeados.

1 . Marca cun x a resposta correcta :

-Que día se van Xacobe e Uxía de viaxe?

- ☐ Un venres.
- ☐ Un luns.
- ☐ Un xoves.

-Que xanta Uxía no avión?

- ☐ Pan con queixo.
- ☐ Pan con xamón.
- ☐ Un pouco de queixo e xamón.

-Como é a xente do país ?

- ☐ Moi amable.
- ☐ Moi triste.
- ☐ Moi leda.

-Que levan posto no pelo?

- ☐ Unhas rosas.
- ☐ Uns xacintos.
- ☐ Unhas margaridas.

-Que comen no xardín?

- ☐ Uns xeados.
- ☐ Uns bocadillos.
- ☐ Uns bocadillos e uns xeados.

2 . Marca as parellas de palabras que son iguais:

viaxe - viaxe	maleta - mulata
pelo – palo	nube - sube
globo – globo	paisaxe - paisaxe
xamón – xabón	follas - fillas
sol – sal	pola - polo
espello – espeso	foto - foto

3 Une as palabras que signifiquen o mesmo :

Equipaxe	Agradable
Avión	Mirar
Xanela	Comer
Amable	Ventá
Ver	Aeroplano
Xantar	Maletas

4 Relaciona as palabras co seu significado :

Xoves	• automóbil para levar á xente.
Taxi	• Prendas de vestir.
Xanela	• Doces conxelados de sabores.
Traxes	• Terreo que se ve desde un sitio.
Xelados	• Ventá pequena para mirar.
Paixase	• Día da semana